



DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA  
VINTESETE DE MARZO DE DOUS MIL CATORCE

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

Dona María Loureiro García (PSd G-PSOE)

CONCELLEIROS

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE

D<sup>a</sup>.María Isabel Rodríguez López( PSde G-PSOE

D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro( PSde G-PSOE

D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar( PSde G-PSOE

D.Vicente Hermida Rodríguez (PSdG-PSOE)

D. Cesar Aja Mariño, (P.P.)

D.Jaime Eduardo de Olano Vela,(P.P)

D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)

D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)

D<sup>a</sup>.María de Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P)

Dona Cándida Mendez Salgado (PP)

D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG

D.Manuel Galdo Dopico,BNG

Dona Olaia Casas Chaves (BNG)

D.Guillermo Leal Arias,IVI

D.Jesús Fernández Fernández,IVI

INTERVENTOR EN FUNCIONS

**D.SERGIO AGUADO DELICADO**

SECRETARIA ACCIDENTAL

**D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera**

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinteseite de Marzo de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera, que substitúe, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sra. Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sra.Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesión do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986,



**de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento da sesión ordinaria do Pleno do Concello para tratar o único punto da Orde do Día**

**1º.- SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE O ASUNTO: ACLARACION DA SITUACION NA QUE SE ATOPAN OS TRABALLADORES DA EMPRESA “APARCAMIENTOS A MARIÑA”, E BUSCAR POSIBLES SOLUCIONS**

**Intervén a Sra. Alcadesa, Dona María Loureiro García, para darlle a palabra o Concelleiro-Voceiro do BNG, D. Bernardo José Fraga Galdo.**

**Intervén o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Don Bernardo José Fraga Galdo, para dicir en primeiro lugar, que desexa dar o seu agradecemento e dos compoñentes do seu Grupo Municipal do BNG á Sra. Alcadesa por convocar este pleno, e dí que a situación da empresa Aparcamientos a Mariña e a situación na que se atopan os traballadores da Empresa Municipal “Aparcamientos a Mariña” é moi lamentable xa que levan xa Tres (3) meses sen cobrar, e non existe prazo fixo para que se produza o abono das correspondentes nóminas e que esta empresa conta con Sete (7) traballadores que sofren minusvalías, e dí que él e o seu Grupo do BNG pensan que hai que buscar solucións para salvar a Empresa e que sega sendo pública aínda que os gastos de explotación están sendo negativos...pero temos que traballar desde o Concello de Viveiro para que a xestión sexa o mellor posible. Apunta que agora a xestión é nefasta e que o Consello de Administración non fai reunións e que non se dí da situación que están a pasar o traballadores e que hai que enterarse pola prensa.**

**Continúa dicindo que as solucións deben ser inmediatas e o tempo vai pasando, poderíase aforrar se un traballador do Concello realizase a xestión de nóminas, contabilidade, control de horarios do parking, pensamos que se aforrarián gastos de xestoría, e vemos que hai descontrol da xestión e que o Consello de Administración non se reúne con regularidade, polo que pedimos a dimisión da Presidenta do Consello de Administración D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar e propoñemos que, de momento, se encargue un funcionario ou traballador do Concello de levar a xestión.**

**Por outra banda, indica que o seu grupo non é partidario da subida de tarifas, pero sí que ve ven que se impoña a Zona azul” xa que non ten sentido que ós arredores do aparcamento non haxa a “ORA” para que os coches poida saír e entrar mellor e daría un rendimento. Apunta tamén que será convincente para salvar o déficit facer un estudo de mercado, que se baixen as tarifas para que sexan ocupadas por aluguer ou venda as prazas, que hai 130 prazas libres,**

**E deixar as necesarias para o depósito. Tamén pensamos que en canto o lavado de máns dos vehículos este é reducido porque os empregados hai moitos que non poden facer ese traballo pola minusvalía e hai que mirar se se pode arranxar a máquina de**



lavado ou saber si se podería alquilar unha máquina é sería outra maneira de sacar rendimento.

Intervén seguidamente Don César Aja Mariño, en representación do Grupo Municipal do PP, e di que a situación económica de un aparcamiento que está totalmente amortizado non debería ter ningún tipo de problema.. e é certo que todo o mundo demanda aparcamentos pero tamén é certo que non se cubren as prazas de aparcamiento Penso que un dos problemas e polo papel da SGAE que produxo empeoramento pola pesima xestión que tivo, xa que o aparcamiento debe de ser rentable. Agora quero dicir que é mellor estudar si o aparcamento, antes de ampliar a ORA pode ser rentable por sí ou non.

Continúa dicindo que nunca se realizou ningún estudio económico e poderíase consultar a un profesional especializado para que faga un estudo económico, a partir de ahí e previa reunión co Consello de Administración e un representante de cada Grupo Político e xerar as normas e as bases que teremos que acatar podendo mirar tamén o funcionamento de outros aparcamentos de outros Concellos para saber si a empresa pode ser rentable ou non, sen olvidar que este servizo é beneficioso para a Cidade de Viveiro. Continúa indicando que hai que saber canto se gasta de luz, canto se ven recadando, os reproches non serven, si queremos que funcione e que vaia para adiante, volvo a dicir que debemos poñernos en máis dun profesional que marque as pautas e a partir de ahí, saber se se pode chegar a cubrir as expectativas ou non para que poida seguir sendo pública a empresa.

E remata dicindo, que pensa que unha empresa que ten sete (7) traballadores que manexan unha cantidade importante de cartos non debe reunirse unha vez ao ano senon que hai que reunirse con mais frecuencia para facer un seguimento.

Intevén a Consellería de Facenda, D<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar, Presidenta do Consello de Administración da Sociedade, e ven en dicir que, a día de hoxe, os traballadores só teñen pendente de percibir a paga extra, e dí tamén (refiríndose ao Concelleiro do BNG) que cando se fala hai que saber o que se fala, e hai que mirar os Estatutos que dín que ningún funcionario do Concello pode ser administrador. Apunta tamén que neste Consello de Administración que estamos representados todos os grupos xa houbo quen dixoe falou dos despedidos. Sabemos que a situación da Empresa viña da SGAE cunha xestión mala e sabemos tamén que se debía de IVA casi 32.000 euros, e houbo que negociar con Facenda pagos aplazados para cumprir as obrigas. Debiamos de Seguridade Social 4.000. Tiñamos a débeda de responsabilidade Civil de 2.000 Euros, pero a día de hoxe, practicamente está pagado.

Continúa dicindo que a recadación baixa e dada a situación de vrise que vive esta Pais os gastos da ORA van a máis e a recadación vai a menos, e os impostos hai que pagalos senón hai que pechar a empresa.



Seguidamente intervén o Voceiro do Grupo Municipal do IVI, Don Guillermo Leal Arias, e indica que se están dicindo boas palabras pero non se está collendo o toro polos cornos. Continúa dicindo que primeiro teremos que saber o que queremos facer con esta empresa e ata onde estamos dispostos a chegar...Todos queremos que os traballadores cobren e os traballadores deben cobrar porque é un dereito que teñen. Agora ben, é inviable como se estaba tratando e cos costes que tén, e temos que ter cuidado coas palabras que se están dicindo aquí, cuidado que se pode vestir un santo e desvetir outro...Apunta que lle parece ben o que dí o representante do Partido Popular, e que hai que estudar a situación da empresa e saber a onde queremos chegar, saber tamén que medidas hai que tomar e decisións para que funcione e, no caso de que esteamos dispostos a tomalas para que funcione aparcamentos a mariña e senon vai acabar en quiebra. Temos que sentarnos a mirar os costes, a mirar as posibilidades de ingresos e mirar tamén os perxuizos coas medidas a adoptar e se nos equivocamos despois de mirar todo, non se debe lanzarse á prensa.

Inteven a Sra. Alcadesa, para dicir que sobre a petición da dimisión da Presidenta teño que deixar claro que se está deixando a pé o co gallo de que os traballadores poidan cobrar mes a mes, que se poida pagar os impostos e que a empresa poida seguir adiante. A Presidenta está mirando todos os gastos que hai e buscando a maneira de solucionar, e o Goberno Municipal, tamén está buscando unha solución para que continúe aparcamentos a Mariña.

Por outra banda tamén quero dicir que, como apunta o Concelleiro do Partido Popular, Don César Aja, de que veña alguén experto para que adopte as medidas precisas e busque solucións..o Equipo de Goberno parécenos ben e non temos ningún problema en facer unha reunión co Consello de Administración e cos representantes dos Grupos para buscar solucións e todos queremos que os traballadores perciban as súas nóminas.

Seguidamente intervén en turno de réplica o Voceiro do BNG, Don Bernardo José Fraga Galdo, e dí que o seu Grupo tamén está poñendo solucións en riva da mesa e tamén pensa que se pode facer un estudo económico e que está de acordo que se reúna o Consello con cada Grupo ou representate de cada partido, estamos de acordo dí, pero cóstanos que se sorteou ós traballadores para que cobrasen uns si e outros non, despois, máis tarde, razonouse e pagouse, pero non se debe facer así, e cóstanos que hai membros políticos ou traballadores que aparcan gratuitamente perante meses sen aboar a cuota do parking, e vese que o descontrol é absoluto e, si é certo, hai que buscar entre todos as propostas e solucións pero non podemos ter sempre as nóminas dos traballadores a remolque e que o Consello de Administración non se reunen dende o verán nada máis que unha vez no mes de marzo.



**Intervén a Concelleira de Facenda para dicir que houbo unha reunión cos traballadores e os propios traballadores decidiron sortear os salarios, e que se pagara o cincuenta por cento de unha vez e despois que se pagara o outro 50%, e así o decidiron os traballadores e Consello de Administración renuniuse cada quince días en varias ocasións e da situación da empresa era sabedora os representantes de cada grupo aínda que o BNG non se molestou en saber como estaba a situación da empresa e cando se fala hai que saber o que se dí.**

**Seguidamente intervén o Voceiro do iVi, Don Guillermo Leal Arias, e dí que vai contestar ao Conselleiro do BNG para dicir que non presenta solucións senon ideas e que as acusacións que se están facendo hai que poñer nomes e apelidos das persoas que utilizar o aparcamiento sen pagar facendo uso de algo público sen coste algún.**

**A continuación volve a tomar a palabra Don César Aja Mariño, Conselleiro do PP e dí que o debate xa está ultimado, o que se necesita son datos e medidas a adoptar polo que se pide fixar unha reunión cos representantes de cada partido e co Consello de administración. Por outra parte, as decisións hainas que tomar valientemente e o que dice o Conselleiro do BNG que si se privatiza a empresa vai ser rentable, pois si queremos ser competitivos e rentables apliquemos os mesmos medios que se están a aplicar pola empresa privada. Polo tanto o que plantexo e que se faga unha reunión en cuanto sea posible, un estudo detallado de todos os costes co Consello de Administración e cos representantes dos grupos políticos.**

**Non existindo máis debate sobre este asunto, acéptase, por unanimidade dos grupos esta proposta que dí o representante do Partido Popular, á que se une a Sra. Alcaldesa procedéndose a fixar, o antes posible, unha reunión co Consello de Administración e un representante de cada Grupo Político para levar a cabo un estudo detallado de costes e contratar un asesor que marque pautas de viabilidade da Empresa.**

**E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día 27 de marzo de 2014, extendéndose de todo o tratado a presente acta, que eu, como Secretaria accta, dou fe.**

**VTº. e praxe  
A ALCALDESA**

**A SECRETARIA ACCTAL**